

Dionisio Gamallo Fierros 1914-2014

Non sei se eu serei a persoa máis axeitada para falar de Dionisio Gamallo. O feito de ser o seu sobriño e afillado pode pesar na valoración del, e tal vez a miña intervención estea tinxida de afecto familiar, polo tanto cando de xuízos de valor se trate acudiréi as palabras dos amigos, dos familiares e daqueles que o coñeceron e o apreciaron na súa vertente profesional.

Non é doado investigar sobre unha persoa tan poliédrica como Dionisio, e tampouco quero facer unha biografía ao uso, senón determe naqueles puntos máis escuros e conflictivos, naqueles que o marcaron de cativo e os que foron perfilando e definindo a súa traxectoria vital, relixiosa e ideolóxica. Para facer un bo seguimento desta evolución remítome ao artigo de Daniel Cortezón *Dionisio Gamallo Fierros culpa, conciencia y reparación*, publicado en *Dionisio Gamallo Fierros*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2001. Con textos de sesenta colaboradores.

Biografía e premios

Nace Dionisio Gamallo en Ribadeo o 25 de agosto de 1914, na Praza de abaixo, no chamado Palacio Florentino, onde vivirá ata os tres anos en que morre seu pai. Vai vivir coa súa nai e un irmán maior que el e unha irmá máis nova a casa do Patín coa súa avoa, a viúva do pintor Fierros. Orfo por tanto desde moi neno descubre a biblioteca de seu pai sendo moi novo, e a partir de aí xa sabe que o seu mundo será a literatura. Venera á súa nai e ten medo de defraudar as esperanzas que ela ten postas nel. Aínda que sen excesivo interese, estudia a carreira de Dereito en Santiago de Compostela, porque ela así o quere, para seguir os pasos de seu pai, que era rexistrador da propiedade. Remata os estudos no ao 1936. Cando finaliza esta carreira, comeza a de Filosofía e Letras que acabará en 1941, xa despois da guerra.

En marzo de 1931, con tan só 17 anos, publica Dionisio o seu primeiro artigo co título *Concepto equivocado de la República*; como el mesmo di: “discurría acerca de que era compatible este ideario político con la condición de buen católico”

Escribe Cortezón: “Instalado de nacimiento tanto en clase social, económica, confesional e ideológicamente afecta a “La Cruzada”, participó activamente desde el primer momento en ella. Tenía 22 anos. Pronunció discursos y arengas y ocupó puestos de organización y propaganda”. Se ben debe aclararse que non participou nunca en actividades militares (dada a súa miopía foi enviado a servicios auxiliares) nin represivas xa foran de índole cultural ou ideolóxica. Nunca empuñou un arma. Cría, non sei se é posible dicilo así, inxenuamente, nas proclamas franquistas de “pan, justicia y trabajo”

“Pero nel -continúa Cortezón- estábanse dando xa todas as condiciones esenciais do contestatario autocrítico. [...] Xa mobilizado en plena Guerra Civil, é en Burgos, Cuartel General del Alzamiento, onde Gamallo empeza a ter as súas primeiras dúbidas, que proceden da avaliación socioeconómica dos contendentes”: “*Me pareció que se trataba de una guerra entre pobres y ricos*”.

“Desde esa primeira reflexión, estivo á espera dunha resposta “cristiana” por parte do réxime. Non a houbo, e comezou o seu largo periplo a través de todos os calvarios, infernos e rupturas que implicaban o saírse do curral, o rexeitamento das verdades que nutriran a súa infancia e xuventude, pasando da cómoda continuidade subvencionada polo espírito e a realidade de clase, a constatar a outra verdade do necesitado, o labrador, o mariñeiro, o obreiro el emigrante, a quen Jesús dirixira o Sermón da Montaña”. Pasou destes postulados a ser moi crítico co franquismo.

Antes de marchar destinado a Burgos escribe en *La Comarca*, o 27 de maio do 1938, un artigo sobre o trigo en Ribadeo. «Sobre la tasa del trigo. Por la Patria, el Pan y la Justicia », no que acusa moi vehementemente aos especuladores que están a xogar co prezo deste cereal para enriquecerse

Estamos, pois, no camiño recorrido por Gamallo, á súa maneira, en medio do seu conflito interno, das súas angustiadas contradicións; pero auxiliado pola súa portentosa cultura.

Confésalle a Daniel, nun verdadeiro antecedente do que logo sería chamada a memoria histórica : “Pensaba en nuestro pueblo penitencialmente unido, en una sincera catarsis. Pensaba en todas las lágrimas que aún no habíamos derramado juntos. Pensaba en la colectiva expiación de la culpa, en la reparación pendiente, sin banderas, banderías ni vanidades; pobres y desdichados seres humanos pidiendo perdón a quienes nunca serán canonizados, pero que permanecen en el altar de nuestros corazones”.

Continúa Daniel Cortezón: “El 23 de julio de 1986 me escribió una larga carta describiéndome los angustiosos y terribles acontecimientos en Ribadeo en los fatídicos meses de julio- agosto de 1936. Quería dejar constancia escrita de su propio horror y de la colectiva miseria que el terror arroja sobre el espíritu humano, deshumanizándolo”.

Dionisio mesmo reconece: “Durante la guerra civil fui franquista. Después apoyé a Fraga Iribarne, que es mi amigo, a liberalizar el régimen y, posteriormente, me afilié al Partido Socialista Popular de Enrique Tierno Galván. Tras la unión con el PSOE devolví el carné porque non puedo ser ni quiero ser carnero. Ahora quiero morir republicano federal.”

Seguramente o símbolo definidor de Dionisio Gamallo sexa a súa irrenunciable independencia de pensamento.

Respecto do seu labor a favor da lingua a e a cultura galega cómpre dicir que aínda que criado na lingua castelá, que empregaba na casa e nos estudos, axiña amosou o seu aprecio por ela e os autores que nela se expresaban. Di Clauio Rodríguez Fer: “Aínda que Dionisio Gamallo Fierros, colaborou en castelán, igual que en versos patriótico-relixiosos, inseriu, na súa reseña “Daniel Pernas, su libro *A fala das Musas*”, asinada cun G. títulos e versos en galego. Nela felicita a Pernas polo libro e alude “al genial lápiz de

Castelao”, o que probablemente é o primeiro eloxio público do Rianxeiro publicado en Galicia desde o estalido da guerra civil. Para Gamallo, a xustiza do recoñecemento artístico puido máis que a presión política e a belixerancia ideolóxica nun tempo en que, precisamente, o fomentado e o ben visto era o contrario”.

E tivo sempre fonda e permanente relación coa literatura en lingua galega ou con escritores galegos:

Carteouse profusamente con Otero Pedrayo desde os anos trinta ata a morte deste no 1976. No ano 1941 este autor e amigo prológalle un libro de poemas en Albor número 3.

No ano 1943 publica «Galicia a través de sus poetas», *La hoja del lunes*. (La Coruña), no ano 1944 sobre Pastor Díaz e Rosalía.

«Escritores de Lugo y su provincia», *La Comarca de Ribadeo* (Ribadeo), 15-IV- 1945.

«La literatura de Lugo y su provincia. A. Iglesias Alvariño» I, *Las Riberas del Eo*, (Ribadeo), 21-IV-1945.

«Las letras de Lugo y su provincia. Aureliano J. Pereira» II, *La Comarca* (Ribadeo), 29-IV-1945.

Tamén fala sobre Otero Pedrayo con motivo da súa xubilación e escribe unha serie de artigos en *La Comarca* en abril do ano 1958.

O primeiro tema da súa tese de doutoramento é sobre a poesía de Curros Enríquez.

El mesmo resume, segundo conta José Ramón Ariño, as súas características (*o mellor sería dicir, seis carencias*” ri Dionisio) son as seguintes, ordenadas da menos difícil á máis difícil:

1. “*Non fumo*”
2. “*Non bebo. Alcohol, enténdese*”.
3. “*Non sei andar en bicicleta*”.
4. “*Non teño automóbil nin sei conducir*”.

5. “Non teño aparato de televisión”.

6. E finalmente, a sexta e máis difícil: “Teño cero relacións coa banca”.

Engade Víctor Moro: “Tivo auténtica e sentida preocupación social e rebelábase contra aqueles que o defraudaron e non estiveron á altura do seu ideal. Criticaba as correntes capitalistas salvaxes e frustrigaba as actividades de “marsupiais” e “bursátiles”, nun mercado insensible á mensaxe cristián de solidariedade”. Volveremos sobre a súa personalidade ao final desta charla.

Premios e recoñecementos

1943, 5 de marzo Acada o premio anual de literatura *Pérez Lugín* da Asociación de la Prensa de A Coruña, polo seu traballo *Galicia a través de sus poetas*.

1943. Premiado con diploma e metálico na Sección literaria del II Certamen del Trabajo de Ferrol.

1945, 29 de xullo. Primeiro premio de poesía castellana nos Juegos Florales de Santiago de Compostela, co poema *Piedra Viva*.

1948, setembro. Premio periodístico en certame literario de Lugo

1949. Obtén o único accésit concedido en Ourense por Estudio bibliográfico del poeta Lamas Carvajal, tema obrigado do concurso.

1951. Premiado no Certamen del Centro Gallego de la Habana polo seu traballo *Seda en el cardo (Vida y obra de Curros Enríquez)*, na conmemoración do nacemento do poeta. Convidado pola Universidad de San Marcos de Lima ó Primer Congreso Internacional de peruanistas

1953, abril. Primeiro premio no Certamen José Martí, concurso cubano-español, patrocinado pola Embaixada de Cuba e o Instituto de Cultura Hispánica de Madrid

1955, 20 de xaneiro. O Centro Galego de Madrid homenaxea a Dionisio polo seu premio co traballo sobre Curros e faille entrega da medalla de membro correspondente da Real Academia Galega, regalada por este Centro.

É vocal da directiva do Centro Galego de Madrid e secretario da Comisión de Cultura

1965. Mención honorífica á serie de artigos publicados en *La Nueva España*, de Oviedo, nos anos 1964 e primeiro semestre de 1965, sobre "*La vida de Unamuno en sus años juveniles de Bilbao*". Membro correspondente do Real Instituto de Estudios Asturianos.

1967,18 de xaneiro. Recibe, en Nicaragua, a Condecoración de la Orden de Rubén Darío, no Grado de Gran Oficial, o honor máis elevado que concede esta República, polos seus estudos e traballos sobre o insigne poeta nicaraguano.

Estaba en posesión da Cruz de Alfonso X el Sabio. Creada por Real Decreto, el 23 de mayo de 1902, con la finalidad de premiar los méritos contraídos en los campos de la educación, la ciencia, la cultura, la docencia y la investigación.

1971. Obtén o "Premio al periodismo 1971", instituído pola Diputación Provincial de A Coruña.

1987. É nomeado Lucense do Ano pola Asociación de Radio e Televisión da provincia de Lugo

1991, maio. É premiado cun Trisquel de Ouro polo Ateneo de Madrid, a través da súa Cátedra de Estudos Galegos, en recoñecemento do seu traballo en prol da cultura galega.

1997, 23 de novembro.- É nomeado Membro de Honor da Coral Polifónica de Ribadeo

1998, É premiado coa Medalla Castelao, condecoración que concede a Administración galega.

Dionisio investigador, escritor, profesor e poeta.-

“*Nadie sabe dónde se encuentra el límite extremo de una investigación*”.

Dionisio era, por riba de calquera outra consideración, un investigador. Era un laborioso traballador da investigación, na que gastaba horas e días e mesmo era quen e desprazarse a calquera lugar na pescuda dun dato ou dunha informacións sobre as obras ou persoas nas que estaba a traballar. Dionisio fixo principalmente análise e crítica literaria con felices incursións na poesía lírica, como logo veremos..

Os datos para os seus temas de investigación literaria os tomaba Dionisio das numerosas lecturas realizadas ao longo da súa vida. Visitaba hemerotecas, bibliotecas e arquivos público e privados na procura de nomes, obras ou datos de persoas. Dionisio deixou gran parte do mellor da súa vida lendo e copiando notas ou textos completos en vellos xornais. “A súa curiosidade, o seu afán de coñecer, era insaciable. Interesáballe todo, mergullábase en todo, furgaba en todo”, di Cortezón.

Di Luz Pozo: “Sobre as mesas, as cadeiras, sobre calquera saliente propicio, sobre o mesmísimo chan, quintais de folios e cuartillas onde, a man e a máquina deixou Dionisio o atinado da súa intensa e inmensa creación, do seu coñecemento, da súa ollada crítica, sempre orixinal e persoal, sempre de primeira man”. Dádeme un punto de apoio e pouso un libro ou un papel, podería ser o seu lema, volvendo do revés o dito atribuído a Arquímedes.

Foi, o de Dionisio, un labor sempre vivo e proteico. Non foi un simple erudito acumulador de coñecementos e fichas, que tamén. Pola contra, di Fernández del Riego, “partindo do erudito, examina os feitos, as formas. A tendencia á interpretación conduciuno a se preocupar polo que cabería chamar raíz da obra dos escritores estudados. El mesmo cultivou unha particular maneira de exercer os estudos bibliográficos, aliados sempre cunha indagación na personalidade e nas circunstancias do *bibliografiado*”. Dionisio Gamallo Fierros trataba sempre de comprender ao home que había detrás dos

seus escritos e indagaba sobre el con gran paixón. Na formación intelectual e nas primeiras vivencias dos estudados buscaba as claves dos seus comportamentos posteriores. Azorín, nunha carta persoal, agradecíalle entusiasmado esta forma de facer biografía.

O seu afán perfeccionista, unha vida pouco organizada, unha obra dispersa e en parte difícil de localizar, o seu desexo de ser exhaustivo en todo o que investigaba, ou emprender proxectos que excedían non a súa aptitude, que a tiña e moita, senón a súa forza e capacidade material de levala á cabo el só, impedíronlle organizar e ordenar todo o seu traballo e contar cunha obra cerrada e de fácil consulta.

O século XIX foi a súa gran vocación, converténdose nun dos mellores especialistas españois da súa literatura.

Durante os anos corenta do século pasado, Dionisio foi un dos máis activos estudiosos becquerianos, empeñado en resolver a grave carencia dunhas verdadeiras *Obras completas* do poeta sevillano.

Sinala Olivia Tudela: “A arela final do inconmensurable investigador de alma de poeta coído que quedou cumprida: «...*todos mis objetivos se habrán llenado, en el caso de que haya conseguido estrujar entre mis dedos, sin deformarlas, la vida y la obra de Bécquer, logrando que la emoción del poeta quede un punto suspendida sobre las almas de mis lectores, y rueda luego sobre ellas, trémula y transparente, destilada y pura, como la lágrima de un siglo*».”

A publicación dos epistolarios dirixidos a Clarín —que adquiriu a comezos dos anos sesenta á viúva do seu fillo Adolfo Alas salvándoos da súa probable destrucción— constituíu outra das ocupacións e preocupacións de Dionisio durante moitos anos, pois xa antes de posuílo, durante os anos corenta, realizara traballos e proxectos de edición que no chegaron a nada por diferentes razóns.

Foi un pioneiro no rescate de escritos dos nosos grandes escritores perdidos ou esquecidos naquelas publicacións periódicas cando aínda non se

converteran nunha rama da historia da literatura española contemporánea o estudio da prensa. Os seus traballos sobre Nicomedes Pastor Díaz, Gustavo Adolfo Bécquer, Augusto Ferrán ou Rosalía de Castro —unida ao seu home Manuel Murguía—, a vida e o periodismo de Clarín, a obra de la Pardo Bazán, Ramón Pérez de Ayala, Miguel de Unamuno, Ramón del Valle-Inclán, Azorín, Ramiro de Maeztu o Ricardo León marcaron as liñas fundamentais das buscas que había que facer e que a historiografía académica posterior confirmou.

Prestou incomparable atención a escritores e personalidades galegos co que o repaso dos seus traballos é unha atractiva base para escribir non poucos capítulos da cultura histórica e literaria nesta lingua: Benito Vicetto, Curros Enríquez, Valentín Lamas Carvajal, Antonio Raimundo Ibáñez (marqués de Sargadelos), Otero Pedrayo, Álvaro Cunqueiro, Dámaso y Juan Vicente Alonso, Luis Pimentel...

Non esqueceu nunca os estudos locais e mesmo familiares, dedicando neste último aspecto atención ao seu avó pintor Dionisio Fierros y Álvarez. Falar de Galicia é facelo tamén do permanente fluxo emigratorio a diversas partes do mundo das súas xentes, o que deu lugar a estudos sobre personaxes como Alonso y Trelles —«El Viejo Pancho»—, o Juana de Ibarbourou. Outro tanto sucedía con personalidades da veciña Asturias como Melchor Gaspar de Jovellanos, Alejandro Casona ou Campoamor.

Outras veces a súa atención dirixíase a fixar a traxectoria de críticos que resultaron decisivos na configuración do *canon* literario español aínda que non tiveran unha faceta creativa moi desenvolvida: Gumersindo Laverde, Marcelino Menéndez Pelayo, Ramón Menéndez Pidal. Ou máis próximos a el pola súa orixe galega como Emilio Cotarelo Mori, Armando Cotarelo y Valledor, César Barja ou pola súa profunda amizade como Dámaso Alonso. É certo que concibía proxectos tan grandiosos que despois resultaba imposible que el só fora quen de culminalos.

Saltaba dun proxecto a outro con forza e sucedíanse proxectos a cal máis ambiciosos. A máis dos xa mencionados sobre *Obras completas* de Bécquer e o epistolario a Clarín, tiña o proxecto dunhas *Obras completas* de Maeztu, que soñaba en multitude de tomos (76, polo menos); as súas continuadas buscas sobre Rosalía de Castro e diferentes escritores galegos, desde Lamas Carvajal ou Curros Enríquez a contemporáneos seus como Uxío Novoneyra ou Álvaro Cunqueiro...

E todo isto o facía en tempos en que non existía a fotocopia, a penas se utilizaba o microfilme e por suposto a dixitalización da prensa ou internet eran unha utopía. Dionisio deixou gran parte do mellor da súa vida lendo e copiando notas ou textos completos en vellos xornais.

E contou coa amizade de moitos outros, que darían para estenderse interminablemente: Dámaso Alonso, Gerardo Diego, Emilio Alarcos Llorach, José María Martínez Cachero, Álvaro Cunqueiro, Otero Pedrayo, Díaz Jácome, Aleixandre, Bousoño, etc. A lectura do epistolario que recibiu e conservou descubre unha infinidade de nomes tamén de gran relevancia, moitos deles con quen mantivo contacto e que se dedicaban máis á creación literaria: Celso Emilio Ferreiro, Uxío Novoneyra, Álvaro Cunqueiro, Blas de Otero, Ramón Otero Pedrayo, Xosé Díaz Castro, Filgueira Valverde, Noriega Varela, etc. Non é estraño por iso que escribira sobre eles e os apoiara ata onde podía.

Sinala Carlos Álvarez Lebreo: “Tiña un gran olfacto para descubrir o talento literario de autores inéditos. Ten Dionisio aberta unha brillante páxina na historia da literatura galega contemporánea, aínda que so sexa por ser a persoa que primeiro defendeu a valía poética de dous mozos que co tempo habían de se converter en dous dos mellores poetas de Galicia na segunda metade do século XX: a ribadense Luz Pozo e o courelá Uxío Novoneyra.. Luz Pozo sempre reconeceu este inicial alento recibido de Dionisio. El facilitoulle a publicación dos seus primeiros versos en *Las Riberas del Eo* no

1945 e a presentación de seu primeiro libro de poemas *Ánfora*, por parte de Gerardo Diego no diario ABC”.

Os primeiros pasos de Uxío Novoneyra en Madrid desde finais dos corenta non se entenden sen a súa axuda. Presentouno literariamente no Centro Gallego de Madrid ou nas veladas poéticas “Versos a medianoche” do café Varela e Novoneyra non deixou de agradecer este coidado de Dionisio na lapela de *Os Eidos* (1955), mencionando a Dionisio como o seu valedor.

O profesor deste Centro, Xesús Fernández Acevedo ten un rigoroso e preciso traballo, publicado na *Trabe de Ouro*, sobre uns poemas de Uxío destes anos atopados no arquivo de Dionisio.

Recoñecemento parecido tivo con Daniel Cortezón xa no ano 1956 en *La Comarca*.

Dionisio como personaxe literario aparece tamén en obras de Cortezón, e na novela de Rafael Azcona *Los ilusos* (1958).

Reseña Dionisio: "He escrito cerca de 1000 ensayos distribuidos aproximadamente de esta forma: 400 en torno a figuras españolas no nacidas en Galicia, 200 referentes a libros y autores de mi amada Región y unos 300 acerca de escritores castellanos de Ultramar, especialmente uruguayos, colombianos, ecuatorianos y cubanos".

A partir do seu arquivo están sendo publicados numerosos traballos eruditos sobre: Clarín, Pardo Bazán Novoneyra, Antonio Machado Álvarez, Rafael Altamira, Azorín, Valle-Inclán, Bécquer, Giner de los Ríos, etc.

Exerceu como profesor de ensino medio en institutos de Ribadeo, Lugo, Avilés, Madrid e Oviedo, nas Universidades de Santiago, Oviedo e Madrid, así como na Escuela de Periodismo de Madrid e en cursos de verán do Instituto de Cultura Hispánica e na Universidad Internacional Menéndez Pelayo de Santander. Do seu labor como profesor falou recentemente, no Teatro de Ribadeo, Olivia Rodríguez Tudela, alumna del no instituto Lope de Vega de Madrid, e publicou José Ramón Ariño, xornalista de El País un

artigo en *La Comarca* dedicada a Dionisio. Del di: “Dionisio nos enseñó a amar profundamente la literatura, una amiga que no nos falla nunca en los momentos difíciles. Yo doy fe de que era un excelente profesor”.

Tamén Francisco del Riego eloxia a súa actividade docente: “Ademais de como escritor e conferenciante, Gamallo estaba dotado para o profesorado. En cada pregunta que lle facían na aula os alumnos, aproveitaba a lección de inquietude que había nelas. A curiosidade dos discípulos empregábaa para afondar nas súas pescudas”.

Poeta:

O libro de Cortezón *Dionisio Gamallo. Varón de Porcillán. La sinfonía incompleta*, resulta particularmente valioso para o coñecemento da súa produción poética, que moitas veces no alcanzou a ser publicada ou ficou aínda máis relegada que a súa obra crítica. Daniel gardou ou buscou moitos destes papeis cun tesón extraordinario que é unha proba máis do seu afecto por Dionisio. Marina Deaño Gamallo, sobriña tamén de Dionisio, copiou e pasou a copia dixital toda a poesía édita e inédita de Dionisio, que se vai utilizar para facer unha antoloxía, na que se está a traballar actualmente.

A poesía de Gamallo Fierros foi ante todo un diario espiritual. Marcan os seus poemas a súa traxectoria reiterándose algúns temas: a inquietude relixiosa, cada vez menos ortodoxa e ata heterodoxa en moitas ocasións; o afecto materno que sobrevoa toda a súa vida; o canto aos lugares galegos aos que se sentía máis unido e aos que se engaden outros nos que viviu; o amor, que xera sentidos cancioneros testemuños das mulleres a quen amou; a amizade, que dá lugar a poemas dedicados a amigos a quen tratou... Co correr dos anos, ademais, foi gañando terreo a poesía satírica, dando lugar a numerosos poemas nos que comentaba aspectos da actualidade política e relixiosa española. Foi desenvolvendo un ton profético co cal lanzaba admonicións a cantas institucións rexeitaba: á Igrexa pola súa excesiva

preocupación económica que traizoaba o espírito do evanxeo; organizacións relixiosas como o Opus Dei que non gozaban da súa simpatía; o réxime franquista do que se sentía cada vez máis afastado e alleo; a institución monárquica que veu substituílo; a banca... Desacougado e ata airado con determinados comportamentos encontraba na escritura destes poemas —con moita frecuencia sometidos o esixente molde do soneto, non obstante— una válvula de escape á súa tensión. Os poemas de Dionisio Gamallo Fierros ofrécennos a imaxe dun home comprometido co seu tempo, pero á vez, profundamente solitario e sentimental trala súa aparencia deslinguada e ata iracunda.

O seu labor poético foi destacado por egrexios poeta, que lamentaron non ver publicada en libro a súa obra: Dámaso Alonso, Gerardo Diego, Vicente Aleixandre, Díaz Jácome, Daniel Cortezón...

Di del o poeta Xavier Rodríguez Baixeras: “Si, Dionisio Gamallo foi —é— poeta, tamén. A súa obra esixe ser axuntada nun libro, ser rescatada das sombras anónimas da dispersión. El puido facelo, pero xa sabemos como era: un home xeneroso, agás coa súa obra. Cómpre, agora, ser xenerosos con el”.

E remata Carlos Álvarez Lebrede: “As cartas persoais escritas por Dionisio son un dos exercicios de linguaxe mellor construída en castelán. A súa apurada prosa é sempre directa, brillante, enxeñosa e orixinal. Tamén tinxida de humor..

Xa está en probas de imprenta a *Contribución a unha bibliografía cronolóxica de Dionisio Gamallo* e estamos a preparar unha antoloxía poética.

Dionisio conferenciante e recitador.-

Leopoldo Calvo Sotelo: “Era Dionisio un bo conversador, era un brillante actor que abraiaba ó seu auditorio coa palabra, cos ademáns, coa énfase”. E Javier Mariño: “Era un personaxe decididamente verbal: o seu

vocabulario, a pronunciación e o braceo simultáneos, os tempos do discurso, a pementa das citas e os diversos encadeados tonais reflectían a arte do xogar”.

Sentenciaba Dionisio: “unha conferencia debe aproveitar ó oínte máis que se o mesmo tempo o dedicara a ler un libro. Se non, non serve. Ademais se un non ofrece nada novo e só repite o que xa está nos libros é mellor non falar”.

Dionisio Gamallo viaxou sen parar por todas partes Centroamérica (Universidade de León en Nicaragua; Centro Gallego de México, Universidade de San Marcos de Lima...), Europa (no King’s College de Londres; Instituto de España en Roma, etc.) e mesmo África (Sidi Ifni), Madrid, Barcelona, A Coruña, Santiago, Oviedo, Pontevedra, Lugo, Vigo, Tapia, Luarca, Vegadeo, dando conferencias sobre Rubén Darío, Jovellanos, Bécquer, Emilia Pardo Bazán, Cotarelo Mori, Cotarelo Valledor, Menéndez Pelayo, Sofía Casanova, Vesteiro Torres, Dámaso Alonso, Menéñez Pidal, Pastor Díaz, Rosalía de Castro, Manuel Murguía, Valle-Inclán, Clarín, Camilo Barcia, Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas, Francisco Lanza, o *Ribanova*, de Calvo Sotelo.

Renunciou sen embargo Dionisio a outros proxectos, viaxes por Latinoamérica, conferencias, asembleas, por Uruguai, Arxentina, Paraguai, Brasil... “al enterarme de que iba financiado (al menos el viaje) por Asuntos Exteriores, he renunciado a ir, ya cuando en marzo último viajé a Londres, el avión lo pagué yo”.

E recitou versos en moitas cidades, tanto en cafés como en centros culturais, sendo moi eloxiado. O seu primeiro recital poético foi en Santiago de Compostela, en 1934, tiña só vinte anos; o derradeiro foi en outono de ano 1998, en Castropol, cumprindo una vella promesa feita ao seu amigo don Dámaso Alonso.

Dionisio, Ribadeo e o Instituto Laboral

Sinala o ribadense Víctor Moro: “Dionisio é o máis alto referente cultural ribadense de tódolos tempos e na súa traxectoria humana e intelectual estivo sempre presente Ribadeo, principio e fin do seu apaixonado vivir.

Entre os papeis de Dionisio está recollida boa parte da historia local, así como un longo relatorio de feitos, anécdotas e personaxes locais polos que mostraba admiración na súa popular inspiración musical, literaria ou poética. Con xenerosidade desbordante estudiou e reavivou o recordo e o eloxio de tódalas figuras literarias e culturais ligadas ás vilas ribeiregas. *Ribadeo a través de vidas y plumas ilustres*, una antología de textos sobre a vila”.

E Chemi Lombardero: “O mundo cultural ribadense de boa parte do século vinte non sería o que foi sen a contribución de Gamallo”.

Moito habería que falar da súa paixón educadora polo seu territorio, que o levaron a impulsar desde a creación dun Instituto Laboral a bibliotecas locais consciente do valor da lectura como elemento formador indispensable. Pero non menos loable foi o seu labor cultural, e tamén humano e sentimental.

Con Ribadeo tivo durante toda a súa vida xestos simbólicos que non deberan caer nunca no esquecemento. Furgou na súa historia, falou, escribiu dos seus homes notables, alentou as voces novas. Derramouse nos periódicos da localidade ou nos programas das festas. Calquera soporte lle parecía adecuado para introducir a cultura entre os seus paisanos. Porque Dionisio Gamallo Fierros promovía e difundía as obras dos seus amigos con gran paixón, tanta ou máis que a que poñía na súa propia traxectoria intelectual.

Sinala Carlos Álvarez Lebreo: “Tras tantos anos de vida e dedicación á súa vila natal son hoxe moitos os lugares ribadenses que dan proba dese afecto por todo o que tivese que ver con Ribadeo”, e traza o que el chama *Itinerario dionisíaco por Ribadeo* ou *Paseata gamallesca*, que se inicia na casa familiar,

no baixo que albergaba o seu caótico despacho, presidido por un cartel no que dicía: *Que nadie ordene mi desorden*, e que hoxe é o lugar onde se acumula o seu interesante e amplo arquivo documental, utilizado xa pola familia e por varios profesores para facer traballos en prol da cultura galega e española, así como os libros a el dedicados que sempre quixo que permaneceran no ámbito familiar. No parque está a estatua de “El Viejo Pancho”, alí erixida grazas aos esforzos de Dionisio e un grupo de ribadenses que tanto fixeron para lograr un recoñecemento deste poeta ribadense emigrado ao Uruguai

Na casa do Concello hai varios cadros de pinturas doados en diferentes épocas por Gamallo da súa colección particular.

Moi preto está a anterior sede da Biblioteca pública da que Dionisio, xunto con outras persoas, foi gran impulsor e para a cal conseguiu durante 1957 grandes achegas de libros e cartos.

Nas Cuatro Calles, ó principio da rúa Villafranca del Bierzo se mostra unha placa de homenaxe a Dámaso e Juan Vicente Alonso, que lembra o seu centenario na ribadense casa natal; continúa Álvarez Lébredo: “... promovera en 1972 esta celebración Gamallo, logrando que acudira ó acto o descendente de aqueles, don Dámaso Alonso, amigo persoal del e presidente da Real Academia de la Lengua Española”.

Nesta mesma rúa e na de El Viejo Pancho están situadas, respectivamente, as dúas casas que albergaron as redaccións de *La Comarca del Eo*, semanario moi unido a Dionisio, e *Las Riberas del Eo*, xornal no que publicou tamén decenas de artigos.

Nesta última rúa, na casa natal de El Viejo Pancho, hai unha placa, colocada en 1946, cunha lenda escrita por Dionisio lembrando a figura do poeta ribadense. E algo máis abaixo está o actual emprazamento da Biblioteca pública, depositaria deses miles de volumes que Dionisio cedeu ó pobo de Ribadeo. Neste mesmo edificio, antigamente Escola de Náutica e entón Instituto de Ribadeo, deu clase Gamallo nos cursos 1937-1937 como profesor

axudante de Xeografía e Historia e posteriormente, xa rematada a Guerra *Incivil*, na academia Santo Tomás, que veu substituír o desaparecido instituto, aínda que por pouco tempo.

E chegamos ao edificio que hoxe alberga o instituto que leva o seu nome. Ao final dos anos corenta e primeiros dos cincuenta, Dionisio vive en Madrid. Neses anos madrileños, á parte do labor estrictamente académico, Dionisio desprega unha amplísima actividade cultural, con recitais poéticos, conferencias, artigos, presentacións, etc.: É nomeado Académico correspondente da Real Academia Galega. Asesor do Servicio de Publicaciones del Instituto de Cultura Hispánica. Múltiples colaboracións na prensa de Madrid e na de provincias. Asesor do Servicio de Información Bibliográfica de la Biblioteca Nacional

En novembro do ano 1955, Dionisio abandona Madrid e vén a Ribadeo, entón unha vila afastada de todo. Ás razón para vir están expostas nun dos paneis que están no corredor desta planta baixa: “No dudé un momento en realizar lo que creía UN DEBER, deber gozoso y compensador: pedí ir a Ribadeo, pleno de entusiasmo, con mi PROBADA vocación hacia la rectitud y la justicia, para darme el gran gustazo íntimo [...] de poder SER ÚTIL A LOS MÍOS, a mi ancha familia ribadense, y por lo tanto a mí mismo que con orgullo pertenezco a ella”.

Escribe Álvarez Lebreo: “El foi o primeiro director comisionado polo Ministerio de Educación para poñer en marcha en 1955 o daquela chamado Instituto Laboral; na empresa puxo non só a súa experiencia docente senón tamén un moi persoal e ilustrado concepto da educación autenticamente moderna e democrática. Durante os cinco cursos que estivo en Ribadeo organizou Dionisio uns ciclos de conferencias dirixidas a toda a cidadanía e non só á comunidade escolar que lograron facer de Ribadeo un auténtico foro aberto de cultura nos difíciles anos cincuenta. Nos ciclos conferenciaron os

proprios profesores do Centro e moitos técnicos cualificados nas disciplinas integradas nos plans de estudos daquel instituto”.

Polo Instituto pasaron durante aqueles cursos o historiador da arte Lafuente Ferrari, o xurista e diplomático Gregorio Marañón Moya, o catedrático de Xeoloxía Hernández Pacheco, o arqueólogo Luis Monteagudo García; o catedrático de composición musical Julio Gómez García, o doutor Antonio R. Darriba, o poeta e académico Dámaso Alonso, os escritores Álvaro Cunqueiro e Daniel Cortezón, ou o crítico musical Antonio Fernández-Cid.

E todo isto o compaxinaba Dionisio co seu labor como escritor publicando artigos nos devanditos semanarios e dando conferencias na vila ou noutras localidades.

Detrás do Instituto está a rúa Francisco Lanza. Esta rúa íase chamar, por acordo municipal do ano 1966, “Profesor Gamallo”. Dionisio rexeitou esta proposta e suxeriu o nome do antigo director de *La Comarca*, que foi o finalmente fixado. A outra rúa, á esquerda do Instituto, leva o nome Rúa Alfredo Deaño, sobriño de Dionisio, filósofo recoñecido, morto prematuramente en 1978.

Dionisio filántropo, integro, bo e xeneroso.

Chemi Lombardero: “Se houbese que poñerlle un sobrenome a Dionisio debería levar o de desprendido para salientar a característica máis destacada da súa personalidade, xa que cando morreu non tiña nada. Chemi, naturalmente refírese a nada material. Tiña o cariño da súa familia e amigos, o respecto e o agradecemento dos que o coñeceron e foron destinatarios da súa amizade e a súa bonhomía, dos que o trataron en vida, dos que foron alumnos seus. A súa biblioteca, obra de toda unha vida, fora xa deixada para uso público. A maior parte das persoas descoñecerán, por outra parte, que

ademais dos libros, Dionisio, ao longo da súa vida, fixo doazóns particulares a institucións. Especialmente de obras pictóricas do seu avó (ao Museo de Pontevedra, a Academia Galega da Lingua, á Diputación Provincial de Oviedo, ao Museo Provincial de Lugo, ao Ayuntamiento de Oviedo...)

Cando o queren nomear Secretario General do Ateneo de Madrid resposta: *“El cargo es sugestivo y se presta a lucirse, pero yo no acepto nada digital. Ya es hora de que los ateneístas elijan –por libre votación- Presidente y Secretario General.”*

Rexeita tamén ofertas de institucións para comprarlle a biblioteca e o seu enorme arquivo, e, aínda que o trato é vantaxoso pois contempla que Dionisio disfrutará de todo mentres viva, el ten ben claro que a súa biblioteca é para Ribadeo e o arquivo para a familia.

Chemi: Era un home de pensamento libre, de fondos principios morais, cunha certa dose anarquizante e irreverente, pouco pegado a convencionalismos. Moi democrático nas relacións persoais, era quen de falar coa persoa máis humilde, recoñecéndolle así o seu fundamental valor humano.

Josefina Martínez viúva de Emilio Alarcos: Era un hombre esencialmente bueno y austero. Un espíritu libre, sin más ataduras que su madre, su familia, los amigos, los libros, la literatura y el prójimo más desfavorecido. Repartía una parte de su sueldo de catedrático de Instituto entre los bedeles del Centro. Esto tampoco se sabe. Indómito, un punto estafalario, intransigente con la estupidez, la injusticia y los banqueros... y tolerante con los más débiles. Una especie de quijote franciscano.

Diego Carcedo, coñecido xornalista: “Pocas personas como el inolvidable Dionsio Gamallo Fierros habrán abandonado este mundo con la tranquilidad de conciencia con que él lo ha dejado. Era, sí, un hombre bueno, culto, honrado, humilde, generoso y entrañable como pocos”.

O ilustre académico Emilio Lorenzo di sobre Gamallo: “El gallego más limpio de espíritu y más generoso que he conocido”

Fraga: “... empezamos a intercambiar opiniones desde el primer momento en que nos conocimos, allá por los primeros meses del triste y frío 1939. Cursaba yo el final del bachillerato, en el instituto de Lugo, y era Gamallo un flamante profesor ayudante de literatura. Así se reveló, hablando de libros, una simpatía común que se fue transformando y asentando, durante décadas, en sólida y fructífera amistad. Era un poeta benévolo con los demás y excesivamente duro consigo mismo. Un hombre bueno y generoso, un gallego de cuerpo entero y alma grande, un escritor que se volcó decididamente sobre los libros”.

Gamallo foi o artífice fundamental da nova época da Biblioteca e dos actos de inauguración de homenaxe a “El Viejo Pancho”. Tirando das relacións que posuía nas esferas de poder, e de contactos culturais con Latinoamérica, conseguiu as axudas precisas para o novo local e instalacións e acadou importantísimos fondos bibliográficos, en especial hispanoamericanos.

Continúa Chemi Lombardero: “Hai anos que fixo pública a súa vontade de doar a maior parte da súa biblioteca persoal con preto de vinte mil exemplares. Pouco tempo pasara desde que comezara a facer realidade a promesa cando a morte o sorprendeu co traspaso dos libros a medias desde Madrid a Ribadeo”.

E Álvarez Lebreo: “Nunca regalou un libro, opúsculo ou separata que non fose cariñosa, sincera e prolixamente dedicado ó seu propietario.

De tódolos seus libros eran especial motivo de orgullo para Dionisio os máis de mil que posuía con dedicatoria de autor, non só cunha simple firma de compromiso, senón cun texto de afecto cordial, real e persoal para el”.

Un xesto pouco difundido foi o de ofrecer durante anos como depósito de libros a Gerardo Diego unha gran porción da súa vivenda, xa de por si bastante abarrotada, sinala o académico Emilio Lorenzo.

O seu amor ao barrio de Porcillán onde viviu de neno e ao que sempre estivo moi unido, tivo ocasión de manifestarse no ano 1977: informado da

triste noticia do falecemento de varios mariñeiros da ría no naufraxio do barco Suárez Iriarte conseguiu axudas para as familias afectadas. Reuniu cadros de douscentos cincuenta pintores que foron vendidos tras cinco poxas habidas durante 1978 en Oviedo, A Coruña, Madrid, Lugo e Ribadeo para así lograr os seus fines benéficos. Sinala Álvarez Lebreo: “Dionisio foi o que conseguiu obras de consagrados pintores e non hai por que ocultar que varios e valiosos cadros cedidos para as poxas procedían da colección particular do propio Gamallo”. Mesmo poxou nas mesmas a través doutras persoas e rematou comprando cadros que el mesmo aportara.

A familia paterna de Dionisio procedía do concello de Barreiros e herdou terras alí. Sabedor de que algunha delas fora adquirida de forma legal pero non moi ética, restituíu as terras aos herdeiros dos antigos propietarios e dous delas, das que non puido atopar descendentes, foron cedidas gratis ao concello de Barreiros; unha delas é onde está situado na actualidade o parque de Bombeiros. Dionisio quixo que alí fora posta unha placa co nome da antiga propietaria: Juana Lorenzo.

Na súa tumba non quixo ningún tipo de epitafio, só o seu nome e na parte de arriba un gravado dun libro aberto.

El mesmo dicía hiperbolicamente en carta a Daniel Cortezón no ano 1989: “*lo que más he querido en mi vida después de mi madre y mi hermana: MIS LIBROS*”.

Dionisio cría que a chave da felicidade consistía en: “*irse acercando a la muerte desentendiéndose de todo para mejor llegar a la nada*”.

Bibliografía:

Dionisio Gamallo Fierros, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2001. Con textos de sesenta colaboradores.

Fernández Acevedo, Suso, «Uxío Novoneyra no arquivo de Dionisio Gamallo Fierros», *A Trabe de ouro: publicación galega de pensamento crítico*, 88, 2011, pp. 79-91.

Cortezón, Daniel, *Dionisio Gamallo Fierros, varón de Porcillán. La sinfonía incompleta*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2005.

Rubio Jiménez, Jesús y Deaño Gamallo, Antonio, *Contribución a una bibliografía de Dionisio Gamallo Fierros*, Ribadeo, 2014

Agradecementos: IES de Ribadeo Dionisio Gamallo Fierros, as entidades que participaron e alentaron estas conmemoracións do Centenario: Asociación Cultural Casa das Letras; o Concello de Ribadeo; a Delegación de Cultura da Deputación de Lugo; a Coral Polifónica de Ribadeo; a Pablo Rodríguez, de Librería Vivín; á Cátedra Emilio Alarcos, que recentemente mandou un escrito no que di: “quiere sumarse de todo corazón, al homenaje al amigo leal, al erudito, al polígrafo, al estudioso infatigable de la literatura y estar presente de alguna manera en esa celebración elegíaca”; á Asociación de Vecinos Dionisio Fierros de Ballota; a Comisión de Festejos de la Felguera; aos medios de Comunicación, galegos e asturianos, que mostraron o seu interese nestes actos e que deron ampla información dos mesmos; a todas as persoas que dun xeito dan cariñoso acudiron, colaboraron e colaboran en que a memoria de Dionisio esté presente nesta vila: Xesús Alonso Montero, Olivia Rodríguez-Tudela, Carmen Rodríguez, Carmen Rodríguez Cancelo, Gloria Rodríguez, Jesús Rubio, Andrés López Santos, Roberto Rodríguez, á miña familia; a Alfonso Piñeiro e Xesús Fernández Acevedo por convidarme a participar neste acto, e por suposto a todos vosoutros por estar hoxe aquí. E permite que teña unha mención especial para Manuel Valín que foi o primeiro que se puxo en contacto connosco para propoñernos esta conmemoración, e que leva traballando arreo para que a mesma fora posible. Moitas grazas a todos.